

TÍTULO: PASIÑOS DE TERRA



CONTEXTO:

Atopámonos nun centro do interior de Galicia de liña 2 de Educación Infantil, Primaria, E.S.O. Consta con 26 unidades, distribuídas da seguinte forma: 8 unidades de Educación Infantil (duas para o primeiro ciclo e 6 para o segundo), 12 unidades de Educación Primaria e 8 unidades de E.S.O.

O centro é un C.P.R que está constituído por dous edificios: un destinado a E.I. e E.P. e outro para E.P. e E.S.O e acóllense ao establecido no RD. 132/2010 do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

PROFESORADO IMPLICADO:

As mestras de infantil e unha de primaria e as respectivas especialistas e persoas de apoio.

APRENDIZAXE ACTIVA (Relación co currículo) :

O proxecto “Pasiños” nace como unha resposta ás necesidades e intereses do alumnado por crear unha pequena horta para contribuír de algún xeito a facer o noso cole un lugar máis “ natural” e verde.

Como se aconsella tanto na metodoloxía e os principios recollidos na LOE como no noso actual decreto do currículo para Galicia, o D. 330/2009, levaranse a cabo principalmente actividades manipulativas e de exploración, relacionadas coas tres áreas, como por exemplo regar as plantas, pulverizar, podar, limpar as follas,

busca de información, etiquetar, transplantar, poñer guías para endereitar o talo, plantar sementes, rexistrar o seu crecemento...(xacintos, tulipáns, narcisos) (castañas, millo, abelás, camelias) , elaborar flores con plastilina, ver videos, películas, documentais a cerca das plantas, debuxalas, etc

Actividades iniciais:

QUÉ SABEMOS (das plantas)?:

En gran grupo, faráse un torbellino de ideas, no que os rapaces e rapazas dirán todo o que coñecen sobre as plantas. Entre todos, decidiremos cáles das ideas propostas imos traballar. Despois, realizarei unha serie de preguntas relacionadas co tema, as cales non apareceron no torbellino de ideas, e que me interesan traballar ó longo da unidade.

Debuxar:

Propónse ós nenos e nenas debuxar unha planta individualmente. Unha vez feito, cada un explicará ó resto dos seus compañeiros as partes que ten a súa creación.

Sáida:

Realizaremos unha saída a unha horta e observaremos directamente as plantas, principalmente no que se refire ás súas partes, coa utilización de lupas. Aproveitando a saída ó campo colleremos flores e follas e faremos un herbario, no cal os cativos/as escribirán o nome das diferentes plantas. Se non coñecemos algunha buscaremos información en libros, internet e preguntando ás familias. De volta á aula falaremos sobre os diferentes tipos de plantas que vimos e das súas partes.

Investigamos (QUE QUEREMOS SABER?) : en gran grupo, observarán diferentes materiais nos que aparecen varios tipos de plantas. Falaremos sobre as súas partes, olor, cores, tipos de plantas... Explorarán os materiais cos cinco sentidos.

Actividades de desenvolvemento:

A reprodución das plantas:

Contaremos o conto “as margaridas” para traballar a reprodución das plantas. Faranse as seguintes actividades :

-Conversa sobre o conto, o cal me permitirá avaliar o grao de interiorización do mesmo por parte do alumnado.

-Elaboración dun escenario e bonecos de guiñol con cartolinas. Posteriormente poderán eles realizar a dramatización do mesmo.

-Reproducción do conto para a aula. Entre todos decidiremos que ilustracións elaborarán e escribirán o texto debaixo. Rematarase con diferentes finais, empreñando para elo as técnicas de Rodari.

Materiais: Conto, cartolinas, caixas, cores...

Sementeiro:

Cada alumno e alumna traeran a clase sementes. En pequeno grupo, os nenos decorarán o sementeiro elaborado en cartón. En gran grupo, cada neno meterá o que trouxo da casa nunha casilla, para poder clasificar as sementes. Comentaremos de onde ven cada "semente", entablado un diálogo para expoñer as distintas formas e características de cada unha, escollendo despois cada neno a semente que quere plantar. Tamén incluiremos cuscús, moedas... para comprobar que estas non prenden.

Materiais: Cartón, sementes, cuscús, moedas, pinturas, lupas e cola.

Plantación:

Poñeremos os materiais para a plantación sobre as mesas, para que eles mesmos digan cómo os queren empregar. O proceso de plantación foi investigado anteriormente en diferentes textos expositivos. Comprobaremos se nos falta algún elemento necesario. Individualmente, plantarán a "semente" no seu recipiente. Cada neno faráse responsable da súa planta, tendo que regala en función do clima da aula, e apuntando nunha táboa de observación cun gomet os días que a regou. Iremos facendo a táboa de observación das diferentes etapas do crecemento de cada planta.

Dramatización/ expresión mímica do ciclo vital das plantas:

Os nenos irán simulando xestos, dende o nacemento dunha semente ata que morre a planta xa crecida, a medida que se lles vai contando a historia.

Elaboración dun "cespino":

Experimentaremos coa plantación de céspede dun modo máis lúdico, elaborando un pequeno porcoespín. Para elo necesitaremos calcetíns, serrín, sementes de céspede e gomaeva. Os cativos mezclarán o serrín e as sementes nunha cubeta e introducirán a mezcla no calcetín. Faráselle un no ó final e elaborarán ollos, nariz e boca coa gomaeva. Logo llos pegarán ó cespino. En días sucesivos iralle crecendo o céspede hacia arriba, a modo de púas, e as raíces se poderán ver na parte inferior. Terán que regala tódolos días e cortarlle as púas cando estean moi longas.

Materiais: calcetíns, sementes de céspede, gomaeva, e serrín.

Actividades finais:

Experimentos:

En pequeno grupo, meterán nun bote transparente fechado unha lentella colocándoa entre o recipiente e servilletas de papel húmedas. Unha vez que comece a nacer, daráselle a volta (boca abaixo) para observar a reorientación da raíz e o talo.

Outro experimento realizáremolo cunha caixa de zapatos na que faremos un burato e meteremos unha lentella plantada nun recipiente transparente. A medida que creza váiselle facendo laberintos. Observarásese cómo a lentella crece polo laberinto en busca da claridade, da luz. Entregaráselles ós alumnos e alumnas unha serie de debuxos plastificados do ciclo vital dunha planta para que as ordenen atendendo á súa secuenciación. Deberán recordar os experimentos realizados.

Flores raras:

Aproveitaremos o cartón e o envoltorio plástico de electrodomésticos para elaborar unhas flores, de tal modo que cada rapaz e rapaza elaborará unha flor por cada membro da súa familia. Falaremos de como hai que coidar as plantas e o extrapolaremos a como temos que comportarnos cos nosos familiares. Os cativos e cativas recortarán e pintarán o plástico. Como talos empregaremos as bandas metálicas de pósters antigos e como polen lle pegaremos unha boliña amarela de plastilina. Así, ademais, reutilizamos materiais, coidando o noso medio.

Os murais:

Individualmente, cada neno e nena debuxará unha planta, e faremos un mural científico como recordatorio de tódalas actividades realizadas. Despois, comentarase as funcións que teñen as plantas no medio ambiente e no noso planeta en xeral. Cabe destacar que esta é unha actividade de avaliación final, aínda que todas as anteriores actividades permitiranme levar a cabo unha **avaliación global, continua e formativa** do proceso de ensino-aprendizaxe.

Actividades de ampliación

Tratamos de globalizar as actividades da aula e incorporar outras linguas como indica o currículo oficial, polo que aproveitaremos para ler un conto en inglés, “The Very Hungry Caterpillar”. A educación artística está sempre moi presente nas clases de lingua estranxeira. Tamén aproveitamos a ocasión para elaborar o noso propio álbum ilustrado sobre o nosa horta. Tamén traballaremos a fauna asociada á horta e a compostaxe.

TRASCENDENCIA (implicación na comunidade):

A transcendencia do proxecto verase reflectida na implicación tanto do persoal

do centro, como da AMPA e as familias, no que a comunidade educativa se refire. En canto o resto dos axentes educativo-sociais, trataremos de involucralos ó máximo, en especial as AASS relacionadas ca conservación da natureza e a ecoloxía da nosa localidade, así como ca nosa gastronomía local, o tan afamado cocido de Lalín, invitando a un coñecido chef que nos ensinrá aspectos descoñecidos e curiosos dos produtos naturis empregado para a súa elaboración.

PRODUCTO FINAL:

O produto final será a creación dunha horta viva, permanente e con continuidade no noso centro. Cremos q a elaboración de posters científicos, unha revista e un álbum ilustrado son produtos finais axeitados ó noso proxecto, onde os protagonistas serán os alumnos, sempre.

Tamén nos gustaría levar ós nenos de excursión de fin de curso a Casa grande de Xanceda, empresa adicada a comercialización de produtos ecolóxicos.

Por último, se temos sorte e a horta nos dá froitos, faremos unha merendola con coteis e banderillas dos nosos propios produtos ecolóxicos.

AVALIACIÓN:

Será inicial, continua e final. Os criterios formularanse a partir dos obxectivos didácticos propostos inicialmente. Como instrumentos de avaliación empregaremos a observación participante e outras escalas estandarizadas. Tamén elaboraremos unha rúbrica na que se recollerán todos os aspectos avaliativos, así como a autoavaliación como docentes do proxecto.

IMPACTO (visibilidade do proxecto):

Entendemos q o impacto será o cambio de mentalidade no alumnado e as familias respecto da alimentación saudable e os seus beneficios, contribuíndo así a acadar un dos obxectivos principais tanto do proxecto coma da Educación para a saúde a a ambiental, que é fomentar hábitos de vida e alimenticios saudables.

A visibilidade do proxecto levarase a cabo a través de murais científicos con texto ex`positivo e fotografías. Esperamos que o noso proxecto teña apoio tanto de entidades privadas como de outros axentes educativos e da administración local, o

cal, presumiblemente, dará visibilidade o noso proxecto a través da prensa.